



6 de febreiro de 2008

Curso 2007/08 nº 16

Correo:boletin@edu.xunta.es



# Boletín Informativo

## *Constitución do Observatorio Galego da Convivencia Escolar*

### Contido:

Concurso: "Exprime y Comprime"	2
II Premios María Barbeito de Educación en Galicia	2
XXI Certame de Xóvenes Investigadores	2
24 concurso ONCE: Compartindo! Ilusións e proxectos	2

A Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón, presidiu a constitución formal do Observatorio Galego da Convivencia Escolar o día 30 de xaneiro, coincidindo coa celebración do Día Internacional para a paz e a non violencia. O Pleno do Observatorio Galego da Convivencia Escolar está constituído por representantes de toda a comunidade educativa: sindicatos, asociacións

de nais e pais de alumnos/as, Xunta Autonómica de Directores, expertos no eido; ademais de outros responsables da Administración galega. Ten como finalidade analizar e propoñer actuacións de investigación, prevención e inter-

vención en relación coa mellora do clima escolar, así como ser canle de participación de todos os sectores con responsabilidades no tema da convivencia.

[Máis información.](#)



## *au2008 audiovisual nas aulas*

Programa audiovisual nas aulas 2008, promovido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, o Consorcio Audiovisual de Galicia e a Secretaría Xeral de Comunicación. A finalidade dos programas é cos centros de ensino non

universitario poidan introducir no currículo escolar contidos relacionados co audiovisual, coa animación, coa televisión e novas tecnoloxías. Os destinatarios serán 30 centros públicos e os programas desenvolve-

ránse a o longo do curso académico 2007/08.

[Máis información](#)

### Reposición de noticia:

O 18 de febreiro remata o prazo para solicitar o programa de Inmersión Lingüística verán 2008 .

[Acceso](#)

## *Aulas da Natureza 2008*

No [DOG do nº 24](#) do luns 4 de febreiro de 2008 sae publicada a Orde do 15 de xaneiro pola que se convocan axudas par participar no programa de integración Aulas da Natureza 2008.

Poderán participar o alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, cunha idade comprendida entre os 11 e os 13 anos. O

alumnado que desexe participar poderá solicitalo a través do centro educativo e segundo o anexo I da orde.

## Ourense



*Claustro de San Francisco*



*Ponte romana*



*Fonte das Burgas*



*Ponte romana  
Fotos dispoñibles no portal  
de contidos educativos*

## Concurso: "Exprime y Comprime 07/08"

A Obra Social Caixa Madrid convoca o concurso "Exprime y Comprime 07/08". Para alumnado de calquera comunidade autónoma de España, de idades comprendidas entre os 14 e 18 anos.

Deberán contar unha historia por medio dun relato, cómic, ilustración ou fotografía. O tema é libre, agás na modalidade de fotografía, adicada á arquitectura. Os premios serán: dvd's portátiles,

ipod's, e cámaras dixitais. O prazo de participación vai dende o 1 de decembro de 2007 ata o 31 de marzo de 2008.

[Máis información](#)

## II premios María Barbeito de Educación en Galicia

A Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago, en colaboración coa Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e a Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Xunta de Gal-

cia, convoca os II Premios María Barbeito de Educación en Galicia coa finalidade de recoñecer publicamente aquelas iniciativas, centros e investigacións psicopedagóxicas que polo seu valor e interese máis contribúan ao desenvolvemento

educativo de Galicia, para favorecer así a innovación, a calidade educativa e a renovación pedagóxica. Os traballos presentaranse entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2008.

## XXI Certame de Xóvenes Investigadores

No [BOE nº 13](#) do martes 15 de xaneiro o Ministerio de Educación e Ciencia convoca unha nova edición deste certame co obxecto de esperar vocacións investigadoras e actitude crítica entre o estudiantado de

Secundaria, Bacharelato e Formación Profesional, así como membros de Asociacións ou Clubs Xuvenis. Os participantes deberán aportar traballos sobre investigacións básicas ou aplicadas, ou prototipos rela-

cionados con calquera das áreas do currículo establecido para estes niveis educativos. O prazo para a presentación dos materiais remata o 31 de maio de 2008.

## 24 concurso ONCE: Compartindo! Ilusións e proxectos


A nova edición do concurso ONCE está dirixido ao alumnado dos centros educativos de todo o país, que estean cursando entre 3º de primaria a 2º de bacharelato, FP e educación especial, así como ao profesorado que quei-

ra dirixir os traballos. No se pode participar individualmente, hai que facelo formando grupos de 3 a 5 membros, en tres categorías distintas. Os traballos para os participantes de primaria e educación especial será unha

postal para Internet; para secundaria, bacharelato e FP un anuncio de TV. O prazo para enviar os traballos remata o 29 de marzo de 2008.

[Acceso](#)

## Webs temáticos



## Publicacións

- [LOE](#)
- [O proceso de adaptación. E ti ... vas á escola?](#)
- [Plan de Convivencia](#)
- [Saudíña](#)
- [Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento](#)
- [Alumnado con discapacidade motora](#)
- [Alumnado con problemas de conduta](#)
- [Alumnado con discapacidade intelectual](#)
- [Alumnado con sobredotación intelectual](#)
- [Atención á diversidade. Medidas organizativas](#)
- [Estructura organizativa dos servizos de orientación](#)

*Ligaçon á páxina de lexislación educativa: [acceso](#)*